

# 10º MANIFESTO

## DA FIBROMIALXIA E

### O SÍNDROME DA FATIGA CRÓNICA

Neste 12 de maio queremos, en primeiro lugar, manifestar a nosa solidariedade con todas esas persoas que sofren os efectos da crise económica e o retroceso en Dereitos fundamentais. E de un forma moi especial as persoas enfermas, ás que os recortes en Sanidade e Servizos Sociais as converten en máis vulnerables, se cabe.

Os enfermos/as de Fibromialxia e Síndrome Fatiga Crónica debemos reivindicar, ademais, o Recoñecemento pleno de estas enfermidades e o dereito a unha Calidade de vida digna adoptando, como propoñen compañeiros/as de entidades, o lema “Recoñecemento e Calidade de vida”.

RECOÑECEMENTO dunhas enfermidades caracterizadas por unha gran dor e cansazo altamente incapacitante e que xenera unha certa ilusión e esperanza en enfermas/os e familiares.

CALIDADE DE VIDA ante o impacto persoal, familiar, económico, laboral e social, que o Estudo Epidemiolóxico EPPIFAC demostra que ocasionan un grande e demoledora dor engadidas a estas enfermidades.

- A dor polo calvario de 7 anos de media para lograr un diagnóstico
- A dor polos problemas familiares, sobre todo de parella, e pola necesidades de cambiar as dinámicas familiares.
- A dor de afrontar a xornada laboral e a dificultade de recoñecementos de incapacidades.
- A dor de ter un entorno sanitario e social e lento e pouco colaborador.
- A dor da incomprensións dalgunhas Administracións Públicas resistentes ao recoñecemento e ás medidas de atención sanitaria e social.

Fronte a toda esta dor, a solidariedades das asociacións e Federacións de FM e SFC, loitando polos nosos dereitos esenciais , como cidadáns e enfermos/as.

Enfermos/as que, rompendo prexuízos que nos estigmatizan todavía máis, manifestamos que as nosas prioridades son: a investigación, a mellora da calidade sanitaria, a creación de unidades multidisciplinares e o recoñecemento das enfermidades, tal e como indica o estudo EPPIFAC.

Porqué , na realidade, o perfil da persoa enferma e de unha muller de mediana idade, que quere estar sa, que loita para manter a unidade familiar e quere manter o seu posto de traballo e a súa dignidade persoal.

E que , para elo, reclama que se investigue sobre a súa enfermidade, que o médico/a o atenda adecuadamente, que lle faciliten adaptacións no entorno laboral o xustas prestacións de incapacidade se non se pode traballar. Que reivindica, simplemente, TER UNHA VIDA.

Para que tantas e tantas persoas chegen un día a ter esta vida, facemos un chamamento apelando a SENSIBILIDADES, VONTADES E DECISIÓNS para establecer unhas GARANTÍAS mínimas as enfermas/os de Fibromialxia e Síndrome de fatiga crónica:

- O ACCESO UNIVERSAL o Sistema Público Sanitario e Social, coa garantía de calidade, Accesibilidade e Equidade en todas ás Comunidades Autónomas, mediante protocolos únicos de diagnóstico, tratamento e prevención, medidas de inserción laboral, criterios de avaliación de minusvalías e incapacidades, e dereitos a prestacións sociais se corresponde.
- A INVESTIGACIÓN pública e o fomento da investigación privada, co obxectivo de descubrir a orixe destas enfermidades, mellorar os tratamentos e potenciar a prevención e o diagnóstico precoz.
- O RESPETO a nos, os pacientes, as nosas familias, as asociacións e os profesionais que traballan e se forman para ofrecernos unha mellor atención.

Neste 12 DE MAIO tamén queremos facer un recoñecemento a tantas persoas que loitan , dende as Asociacións, para manter viva a esperanza, que reivindican os nosos dereitos e que nos axudan a manter a nosa dignidade e confianza na Xustiza Social.

E as nosas familias, que se manteñen o nosos lado, compartindo a Dor da INCOMPRESIÓN e da IMPOTENCIA, unindo a súa sorte a nosa, e loitando con nos neste, camiño a NORMALIZACIÓN. Nun acto de AMOR incondicional a nos.

12 de Maio de 2013. Día Internacional da Fibromialxia e Síndrome de Fatiga Crónica